



Informe sobre o impacto de xénero para a súa incorporación ao Orzamento do ano 2020.

Servizo: Igualdade de xénero

Expediente 62/142

Resolución de inicio do expediente

Con data 23 de xullo de 2019, o Sr. Alcalde Presidente, resolveo sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2020. Coa mesma data, o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación de 18 e 26 de xuño), ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos.

1. Antecedentes normativos

O Tratado de Amsterdam que modifica o Tratado Constitutivo da Unión Europea recolle no seu articulado como misión da Unión Europea a eliminación das desigualdades entre homes e mulleres e a necesidade de promover a súa igualdade, introducindo este principio en todas as políticas e en todos os programas. Neste sentido, a Decisión do Consello 2001/51/CE de 20 de decembro de 2000, establece a estratexia comunitaria en materia de igualdade entre mulleres e homes (2001-2005), que ten continuidade no Plan de Traballo para a igualdade entre as mulleres e os homes 2006-2010 ata chegar á actual Estratexia comunitaria para a Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes 2011-2015 que determina que se ha de integrar a perspectiva de xénero no conxunto das políticas que leven a cabo (...) e tamén mediante procesos de análises de impacto e avaliación.

Polo que se refire ao ordenamento interno, a Constitución Española establece no seu artigo 9.2, que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e socia, e no seu artigo 14, estable que os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O Dereito positivo estatal recolle o mandato constitucional e, así, a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no seu artigo 15 determina a obriga para os poderes públicos e as Administracións Públicas de integrar o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes en todas as súas actuacións de forma transversal e que o deben integrar de forma activa na definición e presupuestación de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº: 62/142

A nivel autonómico, o Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, adquire o compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e de homes e na promoción da igualdade, atribuíndolle a maior efectividade posible, no seu campo de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos, de conformidade coas obrigacións impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

A Nivel Local, o Concello de Vigo ten vixente o un Plan de Igualdade que persegue os obxectivos da normativa anterior e forma parte das preocupacións e da actividade transversal do Goberno local acadar a igualdade real entre as persoas, con independencia do seu sexo, e a eliminación de calquera barreira que dificulte este obxectivo.

2. Obxectivos

Sendo un obxectivo desta Administración o de garantir o respecto á igualdade, procede ir incorporando información sobre o impacto de xénero na documentación que conforma o orzamento local, para dar aplicación ao marco normativo referenciado, sen prexuízo de que a estrutura do informe sexa obxecto dunha evolución no futuro.

En orden á inclusión na norma orzamentaria desta previsión, faise aconsellable anexas un informe adicional sobre as dotacións orzamentarias e o impacto de xénero. Por iso, solicítase informe que abarce todos os programas de gasto que teñen relación co obxectivo.

A estes efectos remítase o anteproxecto do orzamento da Entidade Local e as Bases de Execución do Orzamento (verificación de que norma non contén linguaxe sexista)

Na información sobre os programas e as dotacións orzamentarias figuran aqueles/as que poden ter impacto de xénero, identificando aquelas que teñen destinatarios singulares por razón de xénero masculino ou feminino, así como políticas orzamentarias e accións desenvolvidas que se manteñen no Orzamento do ano 2020 para esta finalidade.

Deberase ter en conta o número de usuarios ou beneficiarios por xéneros das accións previstas tendo en conta a información enviada e a coñecida.

Para concretar as medidas, deberase incorporar datos ou accións concretas conducentes a reducir o impacto de xénero

Os informes que se acheguen, formarán parte da documentación que se incorpore ao orzamento.

Aos efectos de incorporar o informe ao expediente, se da un trámite AUT sobre o mesmo.

É necesario que o informe estea remitido con anterioridade ao remate do mes de setembro.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2019 11:40

Páxina 2 de 3

Expediente 62/142

CSV: 2HE6C3-DD54E2-C7A65A-V543LC-BAHYZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº: 62/142

Incorpórase un trámite AUT para que a Sra. Xefa do Servizo poida incorporar o informe ao expediente.

O Responsable Superior Contable e Orzamentario: Luís García Alvarez

O Concelleiro Delegado dá Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Delegación Da Alcaldía Presidencia de 18 e 26 de xuño de 2019



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2019 11:40

Páxina 3 de 3

Expediente 62/142

CSV: 2HE6C3-DD54E2-C7A65A-V543LC-BAHYZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>